

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS

- 6006** *Real decreto 410/2014, do 6 de xuño, polo que se modifican o Regulamento do imposto sobre o valor engadido, aprobado polo Real decreto 1624/1992, do 29 de decembro, e o Regulamento xeral das actuacións e os procedementos de xestión e inspección tributaria e de desenvolvemento das normas comúns dos procedementos de aplicación dos tributos, aprobado polo Real decreto 1065/2007, do 27 de xullo.*

I

O presente real decreto ten por obxecto introducir determinadas modificacións no réxime xurídico da declaración-resumo anual regulada no Regulamento do imposto sobre o valor engadido, aprobado polo Real decreto 1624/1992, do 29 de decembro.

Así mesmo, introdúcese unha nova obriga de información no Regulamento xeral das actuacións e dos procedementos de xestión e inspección tributaria e de desenvolvemento das normas comúns dos procedementos de aplicación dos tributos, aprobado polo Real decreto 1065/2007, do 27 de xullo, e modifícase o réxime xurídico das notificacións en sede electrónica reguladas no regulamento citado.

II

No ámbito do imposto sobre o valor engadido, establécese a posibilidade de exonerar da obriga de presentar a declaración-resumo anual a determinados suxeitos pasivos, cuxa concreción se remite a desenvolvemento por orde ministerial, considerando o principio de limitación dos custos indirectos derivados do cumprimento de obrigas formais e tendo en conta a información que estarán obrigados a subministrar nas súas autoliquidacións do imposto.

III

Para adaptar a normativa sobre asistencia mutua aos proxectos actualmente en desenvolvemento de intercambio automático de información baseados nun sistema global e estandarizado, o cal ten por obxecto previr e loitar contra a fraude fiscal, engádese un artigo ao Regulamento xeral das actuacións e dos procedementos de xestión e inspección tributaria e de desenvolvemento das normas comúns dos procedementos de aplicación dos tributos, aprobado polo Real decreto 1065/2007, do 27 de xullo, o artigo 37 bis, que regula a obriga das institucións financeiras de subministrar información sobre contas financeiras e de identificar a residencia ou, de ser o caso, nacionalidade das persoas que teñan a titularidade ou o control desta conforme as normas de dilixencia debida que se determinarán mediante orde do ministro de Facenda e Administracións Públicas.

O Real decreto 1/2010, do 8 de xaneiro, de modificación de determinadas obrigas tributarias formais e procedementos de aplicación dos tributos e de modificación doutras normas con contido tributario, introduciu no número 6 do artigo 115 bis do Regulamento xeral das actuacións e dos procedementos de xestión e inspección tributaria e de desenvolvemento das normas comúns dos procedementos de aplicación dos tributos, a posibilidade de practicar notificacións por outros medios electrónicos diferentes ao enderezo electrónico asignado pola Administración tributaria sempre que o interesado consentise ese medio.

Como complemento a esa posibilidade, agora incorpórase a de poder realizar notificacións na sede electrónica da Administración tributaria competente mediante o acceso voluntario do interesado.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 6 de xuño de 2014,

DISPOÑO

Artigo primeiro. *Modificación do Regulamento do imposto sobre o valor engadido, aprobado polo Real decreto 1624/1992, do 29 de decembro.*

Introdúcense as seguintes modificacións no Regulamento do imposto sobre o valor engadido, aprobado polo Real decreto 1624/1992, do 29 de decembro.

Modifícanse os números 1 e 7 do artigo 71, que quedan redactados da seguinte forma:

«1. Salvo o establecido en relación coas importacións, os suxeitos pasivos deberán realizar por si mesmos a determinación da débeda tributaria mediante declaracións-liquidacións axustadas ás normas contidas nos números seguintes.

Os empresarios e profesionais deberán presentar as declaracións-liquidacións periódicas a que se refiren os números 3, 4 e 5 deste artigo, así como a declaración-resumo anual prevista no número 7, incluso nos casos en que non existan cotas devindicadas nin se practique dedución de cotas soportadas ou satisfeitas.

A obriga establecida nos parágrafos anteriores non alcanzará aqueles suxeitos pasivos que realicen exclusivamente as operacións exentas comprendidas nos artigos 20 e 26 da Lei do imposto.

A obriga de presentar a declaración-resumo anual prevista no número 7 non alcanzará aqueles suxeitos pasivos respecto dos cales a Administración Tributaria xa posúa información suficiente para efectos das actuacións e procedementos de comprobación ou investigación, derivada do cumprimento de obrigas tributarias por parte dos ditos suxeitos pasivos ou de terceiros.

A concreción dos suxeitos pasivos aos cales afectará a exoneración da obriga a que se refire o parágrafo anterior realizarase mediante orde do ministro de Facenda e Administracións Públicas.»

«7. Ademais das declaracións-liquidacións a que se refiren os números 3, 4 e 5 deste artigo, os suxeitos pasivos deberán formular unha declaración-resumo anual no lugar, na forma, nos prazos e nos impresos que para cada suposto se aprobe mediante orde do ministro de Facenda e Administracións Públicas.

Os suxeitos pasivos incluídos en declaracións-liquidacións conxuntas deberán efectuar igualmente a presentación da declaración-resumo anual no lugar, na forma, nos prazos e nos impresos establecidos no parágrafo anterior.

Non estarán obrigados a presentar a declaración-resumo anual prevista neste número aqueles suxeitos pasivos que realicen exclusivamente as operacións exentas comprendidas nos artigos 20 e 26 da Lei do imposto nin aqueles suxeitos pasivos para os cales así se determine mediante orde do ministro de Facenda e Administracións Públicas nos mesmos supostos a que se refire o cuarto parágrafo do número 1 deste artigo.»

Artigo segundo. *Modificación do Regulamento xeral das actuacións e dos procedementos de xestión e inspección tributaria e de desenvolvemento das normas comúns dos procedementos de aplicación dos tributos, aprobado polo Real decreto 1065/2007, do 27 de xullo.*

Introdúcense as seguintes modificacións no Regulamento xeral das actuacións e dos procedementos de xestión e inspección tributaria e de desenvolvemento das normas comúns dos procedementos de aplicación dos tributos, aprobado polo Real decreto 1065/2007, do 27 de xullo.

Un. Introdúcese un novo artigo 37 bis, coa seguinte redacción:

«Artigo 37 bis. *Obriga de informar acerca de contas financeiras no ámbito da asistencia mutua.*

1. Conforme o disposto nos artigos 1.2 e 29.bis da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, e 30.2 deste regulamento, as institucións financeiras estarán obrigadas a presentar unha declaración informativa sobre contas financeiras abertas naquelas cando concorran as circunstancias especificadas na normativa sobre asistencia mutua que en cada caso resulte de aplicación.

2. Respecto das contas a que se refire o parágrafo anterior, e en atención á normativa sobre asistencia mutua, as institucións financeiras deberán identificar a residencia ou, de ser o caso, a nacionalidade das persoas que, nos termos establecidos nesa normativa, teñan a titularidade ou o control delas. Esa identificación realizarase conforme as normas de dilixencia debida que se determinarán mediante orde do ministro de Facenda e Administracións Públicas.

3. A información que se subministrará comprenderá a que derive da normativa sobre asistencia mutua e, en todo caso, a identificación completa das contas e o nome e os apelidos ou a razón social ou a denominación completa e, de ser o caso, o número de identificación fiscal ou análogo, das persoas citadas no parágrafo anterior.

4. Cando na norma sobre asistencia mutua que resulte de aplicación se prevexa a posibilidade de aplicación doutra distinta por resultar esta última máis favorable, a declaración de concorrencia desta circunstancia deberase realizar mediante orde do ministro de Facenda e Administracións Públicas, que deberá ser obxecto de publicación no «Boletín Oficial del Estado» previamente ao momento en que se deba cumprir coa obriga de información a que se refire este artigo.

5. Mediante orde do ministro de Facenda e Administracións Públicas aprobarase o correspondente modelo de declaración.»

Dous. Introdúcese un novo artigo 115 ter, coa seguinte redacción:

«Artigo 115 ter. *Notificacións voluntarias en sede electrónica.*

1. As administracións tributarias poderán habilitar na súa sede electrónica a posibilidade de que, de forma voluntaria, os interesados poidan acceder ao contido das súas notificacións. A habilitación deberá cumprir os seguintes requisitos:

a) Deberá quedar acreditación da identificación do contribuínte que accede á notificación. Esta identificación poderase realizar mediante calquera sistema de sinatura electrónica, avanzada e non avanzada, que sexa conforme co disposto na Lei 59/2003, do 19 de decembro, de sinatura electrónica, e na Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.

b) Deberase informar de forma claramente identificable de que o acceso do interesado ao contido terá o carácter de notificación para os efectos legais oportunos.

c) Deberá quedar constancia do acceso do interesado ao contido da notificación con indicación da data e da hora en que se produce.

2. A práctica de notificacións conforme o disposto neste artigo non é incompatible coas realizadas a través do enderezo electrónico. Se por calquera causa se produce a notificación por ambos os sistemas, producirá efectos xurídicos a realizada en primeiro lugar.

Así mesmo, se se efectúa a notificación a través da sede electrónica e por medios non electrónicos, producirá efectos xurídicos a primeira que se practique.»

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

1. Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado», sen prexuízo do disposto no número seguinte.

2. A obriga de información regulada no artigo 37 bis do Regulamento xeral das actuacións e dos procedementos de xestión e inspección tributaria e de desenvolvemento das normas comúns dos procedementos de aplicación dos tributos, a que se refire o artigo segundo.un deste real decreto, será exigible por primeira vez no momento en que así se estableza na norma de asistencia mutua que resulte de aplicación.

As normas de dilixencia debida a que se refire o citado artigo deberán ser aplicadas a partir da data que se estableza mediante a orde do ministro de Facenda e Administracións Públicas que determinará aquelas.

Dado en Madrid o 6 de xuño de 2014.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Facenda e Administracións Públicas,
CRISTÓBAL MONTORO ROMERO